



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

Expte:2018000000567

Ref: PEL- PEMES MANT

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA MODIFICAR AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS AO MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (Liña 3.2. PEL- Pemes Mant 2018)

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

Mediante Resolución desta Presidencia nº 2019/24474 de 16/07/2019 delegouse con carácter xeral na Xunta de Goberno a competencia para a aprobación das bases reguladoras de subvencións.

Por Resolución de Presidencia nº 2018/5515 de 08/02/2018 aprobáronse as bases reguladoras do programa de incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (Liña 3.2. PEL- Pemes Mant 2018) (Publicadas no BOP nº 32 de 15/02/2018).

Por Resolución de Presidencia nº 2018/6450 de 19/02/2018 apróbase a convocatoria do programa de incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (Liña 3.2. PEL- Pemes Mant 2018), finalizando o prazo de presentación de solicitudes o día 22 de marzo ás 14:00 h (Publicada no BOP nº 40 de 27/02/2018).

Por Resolución de Presidencia nº 2018/9132 de 14/03/2019 avócase a competencia para modificar as bases reguladoras do Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas, de forma que se modifica o parágrafo 5. base 2. Finalidade e Obxecto, e se procede á ampliación do prazo de presentación de solicitudes.

Tendo en conta a urxencia e necesidade de que as persoas solicitantes teñan coñecemento á maior brevidade posible da nova modificación das bases reguladoras e que a próxima Xunta de Goberno celebrárase previsiblemente o 04/10/2019,

RESOLVO:

1.- Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución nº 2019/24474 de 16/07/2019 na Xunta de Goberno, para modificar as bases reguladoras do programa de incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (Liña 3.2. PEL- Pemes Mant 2018)

2.- Modificar as bases reguladoras do Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas, aprobadas por Resolución de Presidencia nº 2018/5515 de 08/02/2018, que se transcriben de seguido:

Último parágrafo. Base 12. Xustificación e pago da subvención.

Base actual:

“Segundo o indicado na base 57.4 das Bases para a execución do orzamento do exercicio 2018, a data límite para a presentación dos xustificantes oportunos non poderá exceder do 31 de outubro de 2019”.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Base modificada:

“A data límite para a presentación dos xustificantes oportunos non poderá exceder do 25 de abril de 2020”.

Como resultado do anterior cambio o texto definitivo resultante é o seguinte:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS AO MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (LIÑA 3.2. PEL-PEMES MANTEMENTO)

1. FINANCIACIÓN E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

O presente programa denomínase Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas. Enmárcase na Liña 3.2 PEL-PEMES do Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña, elaborado ao amparo do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local e modificado pola Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local. En dita normativa se amplían as competencias provinciais no ámbito da planificación ao establecer que son competencias propias das Deputacións as que lles atribúan neste concepto, as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

O obxectivo do Programa consiste en apoiar ao tecido empresarial para o mantemento da contratación laboral indefinida das persoas en situación de desemprego contratadas con cargo ao *Programa de incentivos á contratación para a creación ou ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas (PEL PEMES 2017)*.

Financiamento

O Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2018 na aplicación orzamentaria 0510/24100/479 por importe de 1.000.000 €. Dito importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles, destinada á subvención convocada para o exercicio 2018 é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0510/24100/479	1.000.000 €

Liñas xerais da tramitación

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática. A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e xustificación, incluíndo en cada unha delas as notificacións e comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da indicada Lei 39/2015, farase



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

2. FINALIDADE E OBXETO.

A presente convocatoria de axudas enmárcase no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2016-2019, estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

O PEL combina políticas activas de emprego e incentivos á contratación no ámbito público e privado, co obxecto de unificar tódalas actuacións provinciais en materia de emprego levadas a cabo pola Deputación da Coruña no marco da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social sostible dos concellos que a conforman.

A presente convocatoria enmárcase na LIÑA 3.2 PEL- PEMES destínase ao apoio ao tecido empresarial para o mantemento da contratación laboral indefinida de persoas en situación de desemprego, contratadas con cargo ao Programa de incentivos á contratación para a creación ou ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas (PEL PEMES 2017).

Mediante a posta en marcha deste Programa de Incentivos que se materializa en axudas ao mantemento das contratacións indefinidas de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes, preténdese fomentar o emprego estable e de calidade, así como seguir apoiando ao tecido empresarial nos municipios de menor poboación.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para o mantemento da persoa traballadora contratada con carácter indefinido na convocatoria anterior (PEL PEMES 2017). A estes efectos enténdese que poderán solicitar a axuda no programa PEL PEMES. Mantemento. 2018 aqueles empresarios/as individuais e empresas beneficiarias da axuda no programa PEL PEMES 2017 que realizaron unha contratación en modalidade indefinida e tamén aqueles que a realizaron de tipo temporal e procederon a realizar a transformación de temporal a indefinida con carácter previo á presentación da solicitude. A axuda cubrirá como máximo o 50% dos custes salariais totais da persoa contratada dende o momento en que finalice o período subvencionable anterior.

PEL-PEMES. MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL		
O mantemento daquelas contratacións indefinidas realizadas con cargo a PEL-PEMES 2017		
Nº traballadores	Porcentaxe máxima da axuda	Duración
1	50%	12 meses

Os incentivos á contratación serán os equivalentes aos custos salariais, incluídas as cotas patronais á Seguridade Social por cada persoa desempregada contratada.

3. DESTINATARIOS/AS

O Programa de Incentivos á Contratación vai dirixido a pequenas e medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes, atendendo á definición establecida pola Comisión Europea (Recomendación 2003/361/CE do 6 de maio), empresariado individual e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, que na data de publicación da convocatoria, reúnan os seguintes requisitos:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

1. Domicilio fiscal en calquera concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
2. Estar inscrita no rexistro mercantil, no caso das entidades que estean obrigadas a iso.
3. A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, debe estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.
4. Ter sido beneficiario/a da subvención PEL PEMES 2017 e ter levado a cabo a contratación de maneira indefinida e manter a mesma á data de solicitude desta axuda.
5. Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación da Coruña dende a data de presentación da solicitude de subvención.
6. Non estar ni ter estado incurso en expediente de regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.

Para a consideración de microempresas e pequenas e medianas empresas, atenderase á definición establecida pola Comisión Europea (Recomendación 2003/361/CE do 6 de maio), que considera:

1. A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituída polas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros.
2. Na categoría da PEME, defínese a pequena empresa como unha empresa que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.
3. Na categoría da PEME, defínese a microempresa como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS CONTRATADAS

4.1 REQUISITOS.

As persoas contratadas, deben cumprir, ademáis dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado/a en calquera dos municipios da provincia da Coruña.

4.2 EXCLUSIÓNS.

Exclúense dos beneficios regulados nestas bases os seguintes supostos:

1. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.
2. Os contratos realizados con persoas que ostenten cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedades mercantís.

5. SUBVENCIÓN E CONTÍAS.

5.1. PEL-PEMES. MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL.

Poderá solicitarse a subvención para os gastos correspondentes a un máximo de 12 meses do/a traballador/a contratado/a de maneira indefinida acollido á subvención PEL PEMES 2017.

Serán subvencionables os gastos de contratación dende o momento en que finalice o período subvencionable da convocatoria anterior.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

A contía máxima da subvención a solicitar e conceder será o 50% dos custos estimados de contratación segundo os seguintes grupos de cotización e categorías profesionais:

Grupo de Cotización	Categorías Profesionais	Importe máximo a solicitar/conceder a xornada completa (40 horas)*
1	Enxeñeiros/as e licenciados/as. Persoal de alta dirección non incluído no art. 1.3.c) do Estatuto de Traballadores	11.000,00 €
2	Enxeñeiros/as técnicos, peritos e axudantes titulados/as	11.000,00 €
3	Xefes/as administrativos/as e de taller	10.000,00 €
4	Axudantes non titulados/as	10.000,00 €
5	Oficiais administrativos/as	10.000,00 €
6	Subalternos/as	10.000,00 €
7	Auxiliares administrativos/as	10.000,00 €
8	Oficiais de primeira e segunda	9.000,00 €
9	Oficiais de terceira e especialistas	9.000,00 €
10	Peóns	9.000,00 €
11	Traballadores/as menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	9.000,00 €

* Se o contrato é a xornada parcial, deberase solicitar a parte proporcional.

6. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES.

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes, de acordo coa Resolución da presidencia nº 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

Os gastos subvencionables comprenden unicamente os custos salariais, incluídas as cotas á Seguridade Social, non sendo subvencionables outros conceptos derivados da contratación, que deberán ser asumidos polo/a beneficiario/a (horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, incrementos salariais, roupa de traballo).

7. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

7.1. Compatibilidade con outras axudas.

As subvencións concedidas serán compatibles con calquera outra axuda concedida ao amparo do Plan de Emprego Local e serán compatibles tamén con calquera outra axuda pública para os mesmos conceptos. En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

As entidades incluírán na xustificación a declaración de outros ingresos, axudas ou recursos recibidos para os gastos efectivamente realizados.

A axuda establecida nestas bases queda sometida ao réxime de *minimis* nos termos establecidos nos regulamentos seguintes:

- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante calquer período de tres exercicios fiscais. Cando se trate dunha única empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas *de minimis* concedidas non excederá de 100.000 euros durante calquer período de tres exercicios fiscais, sen que estas axudas se poidan utilizar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.
- Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá de 15.000 euros durante calquer período de tres exercicios fiscais.
- Regulamento (UE) nº 717/2014, da Comisión, de 27 de xuño , relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento de a Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, de 28 de xuño). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá de 30.000 euros durante calquer período de tres exercicios fiscais.

Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de *minimis* no tres últimos anos, mediante a declaración contida no Anexo IV.

8. DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZOS

8.1. Documentación a presentar .

8.1.1 Fase de presentación de solicitudes.

As entidades interesadas en participar no Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal no marco do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, deberán comunicar a súa vontade de adhesión ao mesmo achegando a seguinte documentación, segundo os modelos aprobados pola Deputación na páxina web www.dacoruna.gal e manifestando expresamente a asunción dos deberes e compromisos previstos no programa mediante a firma dixital do seu representante legal na solicitude.

DOCUMENTACIÓN XERAL		
1	Anexo I	Solicitude de adhesión ao Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal do Plan de Emprego Local da Diputación da Coruña
2	Anexo II	Declaración sobre o persoal contratado
3	Anexo III	Memoria Técnica
4	Anexo IV	Declaración sobre as axudas do Réxime de Minimis



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

5	Anexo V	Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante
6	Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordear a Deputación Provincial da Coruña. <i>Dispoñible na plataforma SUBTeL: Opcións / Información das convocatorias / Mostrar convocatorias (elixir a convocatoria correspondente) / Detalles / Documentos / Descargar Plantilla.</i> <i>Cando o alta se solicite por unha persoa física que actúe no seu propio nome e representación non será preciso o selo e sinatura da entidade bancaria, bastará con que cumprimente o impreso e adxunte un documento bancario no que figure como titular da conta e o código IBAN da conta (fotocopia de libreta de aforro, extracto bancario, etc.)</i>	
7	Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria.	

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO SOLICITANTE

ENTIDADES CON PERSONALIDADE XURÍDICA

1	Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
2	Escritura de constitución da entidade ou calquier outro documento análogo no que figuren os Estatutos, Estipulaciones ou Contratos Privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados.

ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA

1	NIF/ NIE do/a solicitante.
2	Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social ou, de ser el caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda, ou último recibo de autónomos.

Será necesario que o solicitante declare e se comprometa coas obrigas e compromisos pertinentes relativos ao apartado 11 destas bases, que estarán dispoñibles en formato listas de chequeo na Plataforma de tramitación telemática de solicitudes de subvención (SUBTEL) no momento de presentación da solicitude.

Os anexos, declaracións e documentación mencionada poderán ser susceptibles de adaptación á Plataforma de tramitación telemática de solicitudes para facilitar a súa presentación e tramitación.

8.1.2 Fase de execución.

No momento no que finalice o período subvencionado con cargo a PEL-PEMES 2017, os/as beneficiarios/as das axudas deberán acreditar o mantemento da contratación indefinida achegando o documento seguinte, a través da plataforma SUBTEL de tramitación telemática (no apartado Doc. adicional):

ACREDITACIÓN DO MANTEMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

1	Anexo VI	Declaración do mantemento da contratación indefinida
2	Informe de datos para a cotización (IDC) do traballador/a	

8.1.3 Fase de xustificación.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Transcorridos os doce meses da contratación, o/a beneficiario/a disporá tres meses para xustificar os gastos realizados durante esos doce meses, debendo achegar a seguinte documentación:

Documentación precisa para a realización do pago.		
1	Anexo VII	Relación clasificada dos gastos realizados e memoria resumen das actividades desenvolvidas polo/a traballador/a durante o período xustificado.
2		Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electronicamente da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado.
3		Recibo de liquidación de cotización (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT) escaneados e asinados dixitalmente, correspondente ao período xustificado.
4		Impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF escaneado e asinado electronicamente correspondente ao período de xustificación.
5		Declaración da media do persoal traballador no conxunto dos centros de traballo do período de 12 meses a que se refren as bases.
6		Informe de vida laboral da entidade beneficiaria da subvención correspondente ás 12 mensualidades.
7		Documentación gráfica da publicidade realizada.

Recibida e revisada esta documentación, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación ao/á beneficiario/a do cumprimento dos compromisos declarados e de non existir razóns en contra, a Deputación aboará o pago en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.

8.2. Forma e prazos de presentación da solicitude.

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as solicitudes de adhesión presentaranse de maneira telemática, a través da páxina web da Deputación provincial da Coruña, <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/acceso/login>.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que a persoa solicitante, no caso das persoas físicas e o representante legal da entidade cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considerándose unha soa entidade todas aquelas en as que os/os socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

No caso de que a Unidade Xestora, durante a revisión das solicitudes de subvención presentadas, detecte calquera deficiencia na documentación aportada, realizará requirimento ao solicitante, para que a



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

subsane a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación 10 días hábiles dende dita aceptación para a corrección das deficiencias requeridas.

Mediante resolución da Presidencia declararase a desestimación daquelas solicitudes que non se axusten ao establecido nas bases ou que non teñan enmendado as deficiencias no devandito prazo.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Os/as solicitantes consinten, ao adherirse a este programa, que os datos deste expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación provincial da Coruña e a dirección onde o/a interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición perante a mesma é a Avda. Porto, nº 2, 15006 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

9. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

“A efectos desta lei, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adxudicar co límite fixado nas bases reguladoras e na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios”.

Para a valoración das solicitudes presentadas, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Avaliación que estará composta por tres empregados públicos da Deputación provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. A comisión poderá estar asistida por persoal experto na materia.

A Comisión valorará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial. A Comisión determinará tamén por orden de puntuación aquelas solicitudes que resulten seleccionadas en caso de que o crédito dispoñible para esta convocatoria non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas.

No caso de producirse empate na puntuación, atenderase á data e ao orden de presentación da solicitude, para realizar o desempate destas solicitudes.

Exceptúase a obriga de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos para o caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación segundo o artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A unidade encargada da tramitación do expediente, á vista da documentación que nel consta e do informe-proposta da comisión avaliadora, formulará un informe-proposta de resolución de concesión, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propoñen a concesión da subvención e a súa contía, e especificar a súa avaliación e os criterios de avaliación seguidos para efectualas, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Posteriormente farase pública na páxina web da Deputación e se publicará no Boletín Oficial de la Provincia a relación de entidades beneficiarias desta convocatoria.

En canto aos criterios específicos que serán tidos en conta na fase de valoración, serán os seguintes:

A valoración de cada memoria técnica presentada, que reúna os requisitos exigidos nesta convocatoria, se realizará sobre un total de 100 puntos que se outorgarán atendendo á poboación do municipio onde se ubica o centro de traballo, tipoloxía da empresa, cadro de personal, tipo de selección e características do personal contratado, medidas de responsabilidade social da empresa e participación do/ da traballador/a en programas de formación.

Programa de incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas			
Calidade da Memoria Técnica e adecuación aos obxectivos do PEL			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (100 puntos)
1	Poboación do municipio onde se ubica o centro de traballo (Máximo 15 puntos) <i>Datos de poboación según o IGE a data de 01.01.2017</i>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	15
		De 2.001 a 4.000 habitantes	12
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	5
2	Tipoloxía da empresa (Máximo 5 puntos)	Empresario/a individual ou autónomo/a	5
		Microempresa (menos de 10 traballadores/as)	3
		Pequena empresa (menos de 50 traballadores/as)	2
		Mediana empresa (menos de 250 traballadores/as)	1



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

3	Cadro de personal (Máximo 20 puntos)	De 0-2 empregados/as	20
		De 3-5 empregados/as	15
		De 6-10 empregados/as	10
		Máis de 10 empregados/as	5
4	Características do cadro de personal (Máximo 10 puntos)	Traballadores/as con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%	2
		Traballadores/as con contrato indefinido	2
		Traballadores/as a xornada completa	2
		Traballadores/as menores de 30 anos	2
		Traballadores/as maiores de 45 anos	2
5	Selección do personal contratado (Máximo 15 puntos)	Servizo Público de Emprego de Galicia Rede de Técnicos Locais de Emprego e Desenvolvemento Local Rede de Persoal Orientador en Entidades Colaboradoras públicas e privadas. A gencias de colocación que sexan entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego.	15
		Axencias de Colocación (entidades privadas) Portais de Emprego Redes LinkedIn Outras redes sociais de búsqueda de emprego	10
		Outros procesos de selección	5
6	Características da persoa desempregada contratada (Máximo 25 puntos)	Persoa desempregada de longa duración (máis de un ano)	5
		Maior de 45 anos / Menor de 30 anos.	5
		Muller desempregada	5
		Persoa con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%	5
		Outras razas/étnias	5
7	Medidas de responsabilidade social da empresa	Medidas implantadas para a conciliación da vida laboral e familiar	2
		Promoción do desenvolvemento individual e profesional	1



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

	(Máximo 5 puntos)	dos traballadores, mediante plans de formación, promoción, cualificación e perfeccionamento profesional	
		Realización de actividades internas para a preservación do medio ambiente	1
		Apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico ou social	1
8	Participación do/a traballador/a contratado/a en programas de formación (Máximo 5 puntos)	Participación en plans de formación da empresa dentro do horario laboral	3
		Participación en plans de formación da empresa fora do horario laboral	1
		Participación en calquera formación relacionada coas tarefas do posto financiada pola empresa	1

O máximo total de puntuación obtida na suma de tódolos ítems será de 100 puntos.

10. RESOLUCION

10.1. Prazo

O prazo máximo para resolver será de 6 meses a contar dende o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións.

A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/>).

10.2. Resolución definitiva

A concesión das subvencións será definitiva e se realizará mediante Resolución de Presidencia, previo informe-proposta do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego como órgano instrutor dos expedientes, e tras o informe do Servizo de Fiscalización sobre a proposta motivada da Comisión de Valoración.

Posteriormente farase pública na web da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia a relación de entidades beneficiarias desta convocatoria.

A resolución de concesión ademáis de conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención, e a desistencia expresa das restantes solicitudes, poderá incluír unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiaria, non fosen estimadas por pasar a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

Neste suposto, de renunciarse á subvención por parte dalgúns dos/as beneficiarios/as, o órgano outorgante poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ó solicitante ou solicitantes seguintes a aquelas en orde de puntuación, a condición de que coa renuncia por parte dal-



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

gunha das entidades beneficiarias, se libere crédito suficiente para atender polo menos a unha das solicitudes denegadas.

O órgano outorgante da subvención comunicará esta opción ás interesadas, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte da solicitante, o órgano administrativo ditará o acto de concesión e procederá á súa notificación nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións e no regulamento (Real Decreto 887/2006).

11. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir, principalmente os seguintes deberes:

- Facilitarlle á persoa contratada, os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
- Cumprir a lexislación de protección de datos de carácter personal, así como satisfacer os deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.
- Cumprir co método de selección do/a traballador/a indicado na solicitude.
- Cumprir os requisitos esixidos nestas bases dende a data de publicación das bases reguladoras da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Cumprir os requisitos indicados no *apartado 3. Destinatarios/as* e manter a mesma forma xurídica dende a data de publicación das bases reguladoras da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.
- Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, á data de publicación das bases reguladoras da axuda, durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores/as da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa o mesmo ou maior ao existente no momento da publicación das bases reguladoras da axuda.
Enténdese que o beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/dunha traballador/a ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total ou despido disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do/a traballador/a e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación da Coruña.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que poida afectar á solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter personal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal.
- A entidade beneficiaria queda suxeita ao réxime de deberes e responsabilidades previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público da financiación da actividade realizada, figurando expresamente en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e á súa convocatoria específica: PEL PEMES 2018. O mesmo tipo de publicidade se realizará nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
- Enviar xunto coa xustificación, documentación gráfica da publicidade realizada nas actividades e/ou actuacións realizadas con cargo á subvención concedida.

Os/as beneficiarios/as non poderán en ningún caso, en virtude do artigo 29.7 d) da Lei Xeral de Subvencións, contratar con persoas ou entidades vinculadas ao mesmo que sexan obxecto da subvención provincial.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu disfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

12. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida e realizarase nun único pago, por importe máximo do total da subvención concedida.

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento de gasto definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables. No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe a abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.

Recibida e revisada esta documentación, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación á entidade beneficiaria do cumprimento das esixencias declaradas e de non existir razóns en contra, a Deputación aboará o pago en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.

Os/as beneficiarios/as deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros (traballadores/as contratados/as) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (transferencias bancarias).

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pago, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao investimento solicitado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 50% do investimento solicitado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do investimento solicitado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará ningunha cantidade, sin perjuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.
- No caso de obter outras axudas, subvencións ou ingresos para financiar o mesmo obxecto, o importe a xustificar será a suma de todas as axudas percibidas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

A data límite para a presentación dos xustificantes oportunos non poderá exceder do 25 de abril de 2020.

13. CAUSAS EXCEPCIONAIS

13.1 Suposto de extinción da relación laboral:

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas sobrevidas debidamente xustificadas, o/a beneficiario/a deberá comunicalo de inmediato á Deputación e esta, previa valoración do caso, poderá resolver unha nova contratación por parte do/a beneficiario/a, sen que iso en ningún caso supoña un incremento da cantidade subvencionada. No caso de que se autorice unha nova contratación, ésta deberá iniciarse nun prazo non superior a un mes.

13.2 Suposto de desistencia/ renuncia á subvención:

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. O desistimento se realizará por escrito mediante a presentación do anexo VIII.

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que se inclúe nos anexos desta convocatoria (anexo VIII).

No caso de que as entidades beneficiarias non comuniquen a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

13.3 Reintegro

O/a beneficiario/a poderá renunciar á parte da subvención non aplicada e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para que o/a beneficiario/a poida efectuar dun modo voluntario a devolución das posibles cantidades indebidamente percibidas ou ás que estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria da subvención é de aplicación en calquera momento do período subvencionable.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención, no suposto de falta de aportación da documentación relativa á contratación do/as traballador/a no prazo establecido e no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia das causas previstas nos artigos 31.4.b e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓNS

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da emenda da documentación correspondente si procede, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

No caso de que transcorra o prazo de xustificación sinalado nestas bases e o/a beneficiario/a non presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda do dereito ao cobramento da subvención outorgada, e o reintegro do primeiro prazo aboado sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

O/a beneficiario/a poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do preceptivo expediente de reintegro.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá ao/ á beneficiario/a da sanción que lle corresponda según a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación de ata un mes: sanción do 10 % do importe da subvención, co límite de 150 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20 % do importe da subvención, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30 % do importe da subvención, co límite de 900 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

15. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Recomendación da Comisión 2003/361/CE para as definicións utilizadas sobre microempresa e pequena empresa.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Bases reguladoras de convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña, ano 2018.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO I SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE INCENTIVOS AO MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (LIÑA 3.2. PEL-PEMES)

TIPOLOXÍA :

☐ PEQUENA EMPRESA	☐ MICROEMPRESA
☐ MEDIANA EMPRESA	☐ EMPRESARIO/A INDIVIDUAL/ PROFESIONAL

DATOS DO SOLICITANTE:

RAZÓN SOCIAL		NIF/NIE/CIF	
DOMICILIO FISCAL (MUNICIPIO)		PROVINCIA	
CENTRO DE TRABAJO (MUNICIPIO)			
TELÉFONO/S	DIRECCIÓN ELECTRÓNICA		PÁXINA WEB
IAE	CNAE	ANO DE CONSTITUCIÓN	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA			

DATOS DE REPRESENTACIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
EN CALIDADE DE	☐ TITULAR ☐ REPRESENTANTE

SOLICITA:

A adhesión ao Programa de Incentivos do Plan de Empleo Local da Deputación da Coruña para o mantemento do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes, de acordo coas condicións, deberes e contías establecidas nas bases reguladoras.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO II DECLARACION SOBRE O PERSOAL A MANTER

D./D^a con NIF/NIE
..... en calidade de da entidade
.....

DECLARA

1.- O perfil da persoa traballadora para o que se solicita a subvención é o seguinte:

GRUPO DE COTIZA- CION	CATEGORIA PROFESIONAL

2.- O contrato realizado e subvencionado con cargo a PEL PEMES 2017 é de tipo INDEFINIDO.

3.- A persoa contratada cumpre os requisitos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, e especificamente o sinalado na base 4.1 do Programa:

- Estar empadroada en calquera dos municipios da provincia da Coruña.

4. -A persoa contratada non está incurso nas exclusións indicadas na base 4.2 do Programa.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO III MEMORIA TÉCNICA. LIÑA 3.2 PEL PEMES

Denominación social da entidade:
Presentación da empresa:
Realice unha breve presentación da empresa e dos produtos/ servizos que presta
Posto de traballo subvencionado:

ASPECTOS A VALORAR

1. POBOACIÓN DO MUNICIPIO DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA (a cumprimentar na plataforma telemática SUBTEL)

2. TIPOLOXÍA DA EMPRESA (a cumprimentar na plataforma telemática SUBTEL)

3. MEDIOS HUMANOS DOS QUE DISPÓN A ENTIDADE (a cumprimentar na plataforma telemática SUBTEL)

4. CARACTERÍSTICAS DO CADRO DE PERSOAL (a cumprimentar neste anexo)

	HOMES	MULLERES	TOTAL
Traballadores/as con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%			
Traballadores/as con contrato indefinido			
Traballadores/as a xornada completa			
Traballadores/as menores de 30 anos			
Traballadores/as maiores de 45 anos			

5. SELECCIÓN DO PERSOAL CONTRATADO (a cumprimentar na plataforma telemática SUBTEL)

6. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA DESEMPREGADA CONTRATADA (a cumprimentar na plataforma telemática SUBTEL)

7. MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA EMPRESA (a cumprimentar neste anexo)

Medidas implantadas para a conciliación da vida laboral e familiar:

1.-

2.-

Promoción do desenvolvemento individual e profesional dos traballadores, mediante plans de formación, promoción, cualificación e perfeccionamento profesional:

1.-

2.-



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Realización de actividades internas para a preservación do medio ambiente:

1.-

2.-

Apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico ou social:

1.-

2.-

8.PARTICIPACIÓN DO/A TRABALLADOR/A CONTRATADO/A EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN (a cumprimentar neste anexo)

Participación en plans de formación da empresa dentro do horario laboral:

1.-

2.-

Participación en plans de formación da empresa fora do horario laboral:

1.-

2.-

Participación en calquera formación relacionada coas tarefas do posto financiada pola empresa:

1.-

2.-



D./D^a.....con
NIF/NIE..... en calidad de.....da
entidade.....
.....

Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento (CE) nº 1407/2013 de a Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

[illegible]



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO V AUTORIZACIÓN DE REPRESENTACIÓN

D./Dona _____, provisto/a de NIF número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, da localidade de _____, municipio de _____, provincia da Coruña, por medio da presente comparece e,

AUTORIZA

A D./Dona _____, con NIF. Número _____, en calidade de representante da entidade _____, provista de CIF _____ e enderezo en _____, na localidade de _____, municipio de _____, provincia da Coruña, a realizar tódolos trámites oportunos relativos á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PEL- PEMES MANTENIMIENTO 2018, no seu nome, ante a Deputación da Coruña.

Sinatura manuscrita do/a solicitante



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO VI DECLARACIÓN SOBRE O MANTEMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

D./D^a Con
NIF/NIE en calidade de da
entidade

DECLARO

Que esta entidade mantén a contratación indefinida realizada con cargo a PEL-PEMES 2017.

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO VII RELACION CLASIFICADA DOS GASTOS REALIZADOS

D./D^a con
NIF/NIE en calidade de da
entidade

DECLARO

1. Que con cargo á subvención concedida no Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal, contratouse a D/Dna. , con
NIF

2. Que a relación clasificada dos gastos realizados pola contratación é a seguinte:

Mes	Salario bruto	Cotización da empresa á Seguridade Social	Custo bruto mensual
Total xustificado			

3. Que as actividades desenvolvidas polo/a traballador/a en o período xustificado, e os resultados obtidos, foron os seguintes:

--

4. Que para o mesmo obxecto que o subvencionado pola Deputación, a entidade:

- ☐ Non obtivo outros ingresos, subvencións, axudas ou recursos públicos nen privados
- ☐ Obtivo os seguintes ingresos:

Orixe (entidade concedente)	Importe



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA


ANEXO VIII DESISTENCIA/RENUNCIA Á SUBVENCIÓN

D./D^a con NIF/NIE
..... en calidade de da
entidade.....

DESISTO/RENUNCIO á subvención outorgada polo seguinte motivo:

--

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

3.-Dispoñer a publicación das bases modificadas no BOP.

4.-Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.